

O departamento de matemáticas convoca o **segundo concurso de monólogos, relatos e poemas matemáticos**.

BASES:

Está aberto a **todo o alumnado, persoal docente e non docente** do IES N°1.

Establécense tres categorías, premiándose os tres mellores traballos de cada unha delas.

Categoría A: alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO

Categoría B: alumnado de 4º da ESO, 1º de BACH e 2º de BACH

Categoría C: persoal docente e non docente

O tema do monólogo ou poema ten que estar relacionado co **mundo das matemáticas**.

Os monólogos e poemas deben ser inéditos (e en ningún caso se aceptarán textos descargados de Internet), en galego ou castelán, mecanografados e a súa extensión non poderá exceder os dous folios, a unha soa cara e a dobre espazo. Deberán estar encabezados por un título e seudónimo.

Entregaranse ao profesorado do departamento de matemáticas. Ademais entregarase un sobre pechado que no seu interior conteña o nome, apelidos e curso do autor ou autora, así como a categoría na que participa, e **na parte externa do sobre o título e o seudónimo**.

O prazo de presentación é ata o **4 de marzo** de 2021, inclusive.

O xurado estará formado polo profesorado do Dpto. de Matemáticas, e valorarase a creatividade e a orixinalidade así como a precisión e dificultade dos conceptos e contidos matemáticos incluídos.

Estableceranse tres premios para cada unha das categorías.

* Na categoría de alumnado do IES N°1, categorías A e B:

1º PREMIO: Un vale de 15 euros, para a cafetería do instituto ou para material escolar.

2º PREMIO: Un vale de 10 euros, para a cafetería do instituto ou para material escolar.

3º PREMIO: Un vale de 5 euros, para a cafetería do instituto ou para material escolar.

* Na categoría C, de persoal docente e non docente o premio será un obsequio conmemorativo.

Entregaráselle ademais a cada un dos premiados un diploma acreditativo do seu galardón e un obsequio conmemorativo.

Un mesmo participante non pode acumular máis dun premio.

Un premio pode ser declarado deserto cando o xurado así o determine e sempre por causa fundamentada.

Os premios entregaranse o día 14 de marzo, (que celebraremos o día escolar das matemáticas).

O departamento de matemáticas resérvase o dereito de utilizar as obras presentadas para usos didácticos.